

Plan de autoavaliación e mellora da
competencia social e cidadá

PLAN DE AUTOAVALIA CIÓN E MELLORA

Creando redes para convivir

IES FIN DO CAMIÑO

CONTIDO

A) Título:.....	2
b) Características do centro e do seu entorno:	2
c) Resumo do proxecto e xustificación.....	4
d) Obxectivos.....	4
e) Actuacións que se van desenvolver.....	5
f) Necesidades formativas e orzamentarias.	13
g) Criterios e indicadores para o seguimento e avaliación.....	14
h) Relación de participantes.....	16

A) TÍTULO:

“Creando Redes para convivir”

B) CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO:

O Concello de Fisterra forma parte da chamada “Costa da Morte” e é un centro de peregrinaxe ao considerarse o fin do Camiño de Santiago. Centos de peregrinos visitan o pobo e queiman as súas botas no Faro, patrimonio europeo da humanidade.

A principal ocupación profesional do concello son as actividades relacionadas co mar, seguida do sector servizos (hostalería) e a construción costeira en auge os últimos anos, aínda que en actual declive.

Fisterra era, ata hai pouco, un pobo cun forte illamento social e tamén xeográfico, motivado polas malas comunicacións.

O IES Fin do Camiño é un centro de ESO de nova creación que se atopa preto da praia de Mar de Fora, e que leva funcionando só 11 cursos escolares, logo de separarse fisicamente do actual centro de primaria CEIP Mar de Fóra. Ademais do anterior, o CEIP Areouta da aldea de Sardiñeiro, é outro centro adscrito do que recibimos alumnado. Na contorna existe outro centro privado concertado de carácter relixioso. Por outra banda, o centro acusan unha forte dispersión rural.

O alumnado que acolle procede de familias dunha contorna sociocultural medio-baixo. O 90% usa o galego como lingua materna vehicular. Quizais determinado polo illamento da zona, notamos nas familias e o alumnado un gran déficit de habilidades sociais e de relación, que fai ás veces difícil a comunicación. Neste campo é de destacar a recente creación dunha ANPA no noso centro.

O centro oferta soamente a etapa da ESO, con 102 alumnos escolarizados distribuídos en dous grupos para 1º, e un grupo de 2º, 3º e 4º con desdobres en Lingua Castelá, Matemáticas e Linguas estranxeiras de Inglés e Francés. En 4º de ESO intégrase un grupo de diversificación curricular.

O claustro está constituído por 21 profesores, cunha forte mobilidade ano

a ano, de orixe foránea e con residencia provisional en concellos próximos. Aínda así hai un bo número de persoas que se implican na realización de proxectos educativos e pódese dicir que o Instituto é un centro innovador e dinámico. Cóntase cun limpador, un conserxe e un administrativo.

O horario de apertura do instituto, que inicia as actividades lectivas ás 8:30 da mañá e remata ás 14 horas e os luns tamén de 16:20 a 18 horas.

Como proxectos significativos do centro destacamos:

- O Proxecto ABALAR, que supón a total implantación das novas tecnoloxías en 1º de ESO e que se estenderá a 2ºESO o vindeiro curso.
- O Plan de Bibliotecas escolares, composto por 4 profesores que estimulan as actividades culturais e dinamizan o Plan Lector do centro.
- O proxecto Axenda 21, centrado na educación medioambiental.
- O proxecto de Reparto de Froita Fresca nas escolas, da consellería do medio rural, sobre o consumo saúdable de froitas e verduras
- O proxecto de Agrupación de Centros Educativos do Ministerio (ARCE) con título "Implantación e mellora de medidas organizativas de xestión pacífica de conflitos" e "A mediar! Manual de implantación dun servizo de mediación escolar". Forman parte deste proxecto o IES Portada Alta (Málaga. Primer Premio Nacional de Buenas Prácticas para el Impulso y la Mejora de la Convivencia do ano 2006, Primer Premio a la Promoción de la Cultura de Paz y Convivencia Escolar del año 2011; Premio á Excelencia Educativa no 2011) o IES Fin do Camiño (Fisterra, 3º Premio Nacional de Buenas Prácticas para el Impulso y la Mejora de la Convivencia, 2010), el IES Montes Obarenes (Miranda de Ebro, Premio a la convivencia entre el alumnado de la Junta de Castilla y León) y el IES Alto Nalón (Barredos, Asturias).

C) RESUMO DO PROXECTO E XUSTIFICACIÓN

O IES Fin do Camiño ben desenvolvendo nos últimos anos diferentes estratexias organizativas para a mellora da convivencia. Enténdese, a raíz da análise DAFO como unha liña prioritaria para o centro escolar que inflúe no benestar da comunidade educativa, nos resultados académicos e no descenso da taxa de abandono escolar.

Porén, no momento actual, precísase un novo impulso para actualizar, perfeccionar e manter estas ferramentas organizativas, por unha banda, e para iniciar o camiño doutras de carácter curricular, por outra.

O proxecto céntrase no fomento da competencia social e cidadá, mediante a implantación de estratexias de mellora da convivencia que faciliten a participación do alumnado na resolución dos seus propios conflitos (alumnado axudante, mediación, aulas de convivencia), á creación de redes entre centros educativos, ó fomento da participación das familias, a implicación curricular na temática da educación emocional e ó deporte cooperativo como vía de aprendizaxe social.

D) OBXECTIVOS.

1. Crear redes de centros educativos en torno a la temática da convivencia escolar.
2. Ofrecer maior protagonismo ó alumnado na resolución dos seus conflitos
3. Afondar na estratexia da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos.
4. Reducir o número de privacións do dereito de asistencia, artellando outras de carácter creativo e reparador.

5. Dinamizar a escola de nais/pais, en colaboración da ANPA de recente creación.
6. Introducir ós contidos da educación emocional nas respectivas áreas ou materias. Mellorar as capacidades socioemocionais do alumnado, co obxecto de que incida no rendemento académico.
7. Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos.
8. Revisar e redactar, no marco do plano de acción tutorial, actividades destinadas ó desenvolvemento persoal dos alumnos, especialmente no que respecta á igualdade entre homes e mulleres e o respecto as diferenzas.
9. Mellorar a convivencia a través dos deportes cooperativos e da oferta de ocio saudable.

E) ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

Obxectivo 1: Crear redes de centros educativos en torno a la temática da convivencia escolar

- Planificarase un encontro con outros centros educativos que teñan implantadas medidas como a mediación e o alumnado axudante, na procura de redes en torno á resolución pacífica de conflitos e para a formación conxunta do alumnado e o intercambio de experiencias entre alumnado e profesorado. O programa pretenderá ofrecer formación ó profesorado e ó alumnado asistente, que se organizará en diferentes obradoiros.
 - **Temporalización das actividades:** mes de abril de 2012
 - **Responsables:** equipo de convivencia, coordinados pola coordinadora de convivencia e o director.

Obxectivo 2. Ofrecer maior protagonismo ó alumnado na resolución dos seus conflitos

2.1 Mellora do noso servizo de mediación escolar:

- Revisar o protocolo actual facendo fincapé na relación entre a mediación e as normas de organización e funcionamento.
- Seleccionar e formar ós novos/a mediadores. Será unha tarde a semana os mércores de 16:00 a 18:00. Redactar o "exame de mediación" e novos materiais para a formación interna.
- Crear novos materiais para a concienciación e a sensibilización da comunidade educativa, tamén usando ás TIC.
- Crear un blog de mediación dentro da páxina web do centro.
- Crear videos-tutoriais sobre as fases do proceso mediador.
- Estender a mediación escolar entre iguais ás familias.
- Establecer unha hora de coordinación semanal cos mediadores e mediadoras. Estas reunións están enfocadas a:
 1. Realizar o seguimento exhaustivo dos casos que xorden, así como a mellorar a organización do servizo.
 2. Crear e fomentar a cohesión no grupo e un bo clima de traballo coa finalidade de que funcione ben no seu conxunto.
 3. Continuar coa formación do alumnado mediador: aproveitamos este momento para recordar a teoría tratada pero esta vez baseándonos nunha realidade vivida.
 4. Adestrar na observación dos conflitos: o alumnado mediador aprende a ser sensible ante os conflitos, aprende a identificalos e detectalos. Comprométese desde un principio a non ter unha actitude pasiva.
 5. Fomentar a función denuncia. Non se trata de crear un grupo de "chivatos profesionais", senón que o alumnado mediador comprométese coa mellora da convivencia, e iso pasa por observar, e tamén por denunciar e neutralizar estas situacións.
 6. Adaptar os materiais de formación ao seu xeito de expresarse,

achegar outros puntos de vista, facilitar novas ideas e ata propor cambios.

7. Crear materiais para a divulgación do servizo de mediación. O mesmo alumnado diseña os seus carteis cunha linguaxe propia, cun ton próximo, de confianza e cunha creatividade inmejorable.
8. Planificar e participar tanto en actividades relacionadas coa mediación (encontros, viaxes, excursións, acampadas?), como naquelas relacionadas coa convivencia do centro, por exemplo, celebración do Día da Paz, Día da muller, Día dos dereitos humanos, Día dos dereitos da infancia, etc.

2.2 Formación do alumnado de 1º de ESO como alumnado axudante.

2.3 Dinamización das xuntas de delegados e delegadas a través do estímulo de convocatorias da dirección.

- **Temporalización das actividades:** a selección do novo equipo de mediación e axudante será no mes de novembro. A formación iniciárase no mes de decembro e finalizará no mes de abril. As reunións de seguimento levaranse a cabo durante todo o curso con perioricidade semanal.
- **Responsables:**
 - Selección e formación de mediadores: 2 profesores do centro, xunto coa coordinadora
 - Selección e formación do alumnado axudante: 1 profesor do centro, coa axuda dun formador externo (asociación Chissem ou Xeneme, intervención social).
 - Coordinación e seguimento do equipo: coordinadora de mediación
 - Creación de materiais: director coa axuda dos departamentos
 - Revisión dos protocolos: Equipo directivo xunto coa coordinadora de mediación e da aula de convivencia.

Obxectivo 3: Afondar na estratexia da aula de convivencia como ferramenta de xestión coordinada dos conflitos e,

Obxectivo 4: Reducir o número de privacións do dereito de asistencia, artellando outras de carácter creativo e reparador.

3.1 Polo que respecta a Aula de Convivencia:

- Revisar o protocolo actual da Aula de Convivencia nas tres vertentes (Aula de reflexión, Aula de Traballo e Observatorio da Convivencia) co fin de adaptalo á nova realidade e definir un modelo que fuxa das “aulas de castigo”.
- Crear un manual para o profesorado que atende á AR (Aula de reflexión), que sirva de guía para a entrevista reeducativa co alumnado derivado a esta aula.
- Crear materiais de reflexión adaptados ás problemáticas mais habituais polas que son derivados á Aula de Convivencia.

3.2 Polo que respecta ás decisións nas medidas correctoras:

Afondarase no paso dun sistema ríxido de aplicación de sancións, a un sistema flexible que teña en conta cada caso en particular e dun sistema de aplicación das sancións centralizado na dirección a un sistema de toma de decisións en pequeno grupo e de asesoramento á dirección. Con este fin, preténdese perfeccionar o sistema do observatorio semanal da convivencia, creando unha comisión semanal constituída ó menos polaa dirección, a coordinadora de mediación, a coordinadora da aula de convivencia, a xefa/e do departamento de orientación e a educadora familiar dos servizos sociais do concello. Estudarase introducir á personal non docente e un representante das familias. Axilizaranse as decisión perfeccionando o sistema do rexistro individualizado de conduta.

- **Temporalización das actividades:** O deseño dos protocolos terá lugar no mes de setembro. O resto das actividades levaranse a cabo durante todo o curso, cunha perioridade semanal, coincidindo coa reunión semanal da AC.

- **Responsables:** equipo de convivencia

Obxectivo 5: Dinamizar a escola de nais/pais, en colaboración coa ANPA de recente creación.

Preténdese reimpulsar a asociación de nais e pais, en declive este ano. Estas son reunións de nais e pais interesados en escoitar y debater diferentes temas que lles afectan ós seus fillos e fillas: a sexualidade, a adolescencia, a prevención de drogodependencias, etc. As actividades pódense resumir a continuación:

- Deseño dun plan de formación para as nais e os pais, atendendo as preocupacións destes.
- Enquisa inicial para detectar as temáticas de interese
- Impulso da formación externa, tendo en conta a asociación da zona e da provincial, principalmente coa Asociación Neria, profesionais do hospital Virxe da Xunqueira, a asociación Quérote, Chisem e Xeneme.
- Introducción de temáticas relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres, racismo e xenofobia.
- **Temporalización das actividades:** Reunións iniciais de planificación. Unha sesión mensual a partir das 19:00h.
- **Responsables:** Departamento de orientación en colaboración coa ANPA do IES Fin do Camiño

Obxectivo 6: Introducir ós contidos da educación emocional nas respectivas áreas ou materias.

Deseño de actividades de educación emocional adaptadas ó noso contexto para introducilas nas diferentes materias. Introducir tamén un programa de habilidades de relaxación nas horas de titoría, baseándonos no modelo de Linda

Lantieri do *Inner Resilience Program* e do programa *Academic, Social, and Emotional Learning* (CASEL).

- **Temporalización:** deseño das propostas no departamento de orientación. Presentación e discusión nunha CCP do mes de Setembro, para a súa aprobación na Programación Xeral Anual.
- **Responsables:** departamento de orientación

Obxectivo 7: Mellorar a formación do profesorado para a xestión das emocións na aula e na resolución pacífica de conflitos. Aínda que a formación do profesorado no tocante á convivencia escolar é un obxectivo que se traballa transversalmente no resto das actividades, especificamente obteñen tamén resposta nas seguintes actividades:

- deseño dun programa de formación externa sobre xestión da aula
 - deseño dunha guía sobre a xestión das emocións na aula
 - formación do profesorado nesta temática por parte de axentes externos, dentro do plan de formación do centro.
- **Temporalización:** segundo trimestre do curso. Formación no mes de Maio
 - **Responsables:** equipo de convivencia

Obxectivo 8. Revisar e redactar, no marco do plano de acción tutorial actividades relacionadas coa competencia social

- Actualización das actividades destinadas ó desenvolvemento persoal dos alumnos, tamén daquelas ás que se refire a circular 8/2009: programa básico de habilidades sociais; programa de habilidades para o alumnado que acude reiteradamente a aula de atención educativa e convivencia.

- Búsqueda e incorporación de actividades ó plan de acción tutorial da temática da igualdade entre homes e mulleres, racismo e xenofobia. Valerse das asociacións Neria, Quérote, e outras para o desenvolvemento destas.
- Realizar unha exhibición de Gandhi no faro de Fisterra
- **Temporalización:** semanalmente a través das sesións de coordinación dos titores e titoras e, por outra parte, das reunións do departamento de orientación.
- **Responsables:** departamento de orientación, en colaboración cos titores e titoras e da persona coordinadora da Aula de Convivencia.

Obxectivo 9. Mellorar a convivencia a través dos deportes cooperativos e da oferta de ocio saudable.

Acrosport

O Acrosport é una modalidade deportiva non competitiva que combina elementos acrobático, coreográfico e circenses. É unha ferramenta única para traballar a ximnasia cooperativa como medio para valorar o traballo en equipo para o logro dun obxectivo común, as construcións humanas como exemplo de microsociedade, así como o fomento da resolución pacífica de conflitos durante as sesións de ensaio.

Ofertarase gratuitamente por parte do profesor de educación física, o xoves de 16:00 a 18:00 e desenvolverase no pabillón municipal co permiso do concelleiro de deportes. Os retos para o próximo curso escolar son:

- Darlle publicidade na comunidade educativa
- Creación do novo grupo e cun novo impulso
- Facer as exhibicións dentro do programa deportivo do concello, de fin de curso e ó alumnado de 5º e 6º de primaria dos centros adscritos.
- Excursión de Acrosport ó INEF.

Recreos dinámicos:

Preténdese mellorar esta iniciativa que xurdiu o curso pasado sobre a idea de dinamizar os recreos e ampliar a súa oferta con actividades lúdicas que foran mais alá do fútbol: xogos de mesa, xogos deportivos, obradoiros de manualidades, et..

As actividades seguirán o seguinte proceso:

- Convocatoria á xunta de delegados e delegadas co obxecto de buscar a súa implicación no deseño de actividades e de establecer responsables para cada actividade
- Búsqueda de apoio no claustro, implicándoo nos diferentes obradoiros
- Na medida en que as posibilidades orzamentarias do proxecto o permitan, solicitarase algún obradoiro externo (cestería e refugallo)
- Avaliación da medida na xunta de delegados

Outras actividades deportivas:

Na medida en que as posibilidades orzamentarias do proxecto o permitan, asfaltarase un pequeno terreo que está sen uso dentro do recinto escolar, para colocar as canastras de baloncesto proporcionadas polo departamento de equipamento da xunta, co obxecto de que a ANPA poda contratar a un monitor de baloncesto, xa que foi a mais votada nunha enquisa que se pasou.

- **Temporalización das actividades:** A convocatoria de Acrosport comezará no mes de novembro. Desenvoverase a formación durante todo o curso. As exhibicións e a excursión de Acrosport planifícase para o mes de xuño.
- **Responsables:**
 - Acrosport: Profesorado de educación física
 - Recreos dinámicos: alumnado da ESO, previamente seleccionado pola xunta de delegados/as, baixo a supervisión dun profesor/a do centro
 - Outras actividades deportivas: Asociación de Nais e Pais do IES.

F) NECESIDADES FORMATIVAS E ORZAMENTARIAS.

Necesidades formativas xerais

Profesorado:

- Formación interna na temática da resolución pacífica de conflitos. Estudo das boas prácticas
- Formación externa sobre a temática da convivencia, especificamente na xestión de aula

- Orzamento: 390 euros

Alumnado:

- Formación externa de apoio para ós mediadores/as e o alumnado axudante
- Formación externa para os obradoiros nos recreos dinámicos

- Orzamento: 620 euros

Familias

- Formación nas sesións mensuais da escola de nais e pais

- Orzamento: 450 euros

Outras específicas

Orzamento para o encontro de centros con servizos de mediación:

- Formación conxunta do alumnado participante: 800 euros
- Formación conxunta para o profesorado participante: 390 euros
- Gastos de desprazamento dos relatores: 200 euros
- Cartelería e publicidade: 400 euros

Acondicionamento do terreo para actividades deportivas, previa solicitude: 600 euros

Materiais bibliográficos: 150 euros

G) CRITERIOS E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Criterios Xerais:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Grao de coñecemento, implicación e satisfacción da comunidade educativa.
- Aproveitamento dos recursos materiais, humanos e organizativos
- Calidade e funcionalidade dos materiais elaborados.
- Mellora dos resultados académicos
- Mellora dos resultados na avaliación de competencias interna e externa

Temporalización:

A avaliación é continua e trimestral, inicialmente coa análise da convivencia e procesualmente mediante as reunións semanais de coordinación e as estatísticas da conflitividade. Finalmente coa redacción da memoria final de mediación.

No tocante á mediación e alumnado axudante.

- Criterios:
 - Número de alumnado e profesorado que solicita entrar no equipo de mediación.
 - Número de solicitudes de mediación.
 - Intervencións do alumnado axudante
 - Sectores da comunidade educativa que derivan casos de mediación.
 - Cursos/grupos que solicitan o servizo.
 - Grao de implicación e concienciación da comunidade educativa ante o proxecto.
 - Número de alumnado que comeza e que finaliza o curso de formación.
 - Asistencia ao curso.
 - Grao de satisfacción do alumnado que acaba o curso de formación.
 - Grao de adecuación dos contidos, metodoloxía, materiais e tempos dos cursos de formación.
 - Grao de satisfacción do alumnado mediado.
 - Número de mediacións resoltas satisfactoriamente.
 - Cumprimento dos acordos.
 - Asistencia e grao de implicación dos asistentes ás reunións de seguimento.

- Ferramentas: Cuestionarios e enquisas: ao alumno que realiza a formación, ao alumnado mediado. Observación directa, rexistros durante as mediacións, comentarios recollidos nas actas e memorias de CCPs, claustros consellos escolares, equipos educativos, etc. e memoria final de mediación

No tocante ó Encontro de centros con servizos de mediación:

- Criterios: grado de satisfacción coa formación e o encontro, axuste dos recursos humanos, materiais e organizativos
- Ferramentas: enquisa online ós asistentes, tipo test, resposta múltiple e items de opinión libre.

No tocante á Aula de convivencia:

- Criterios: reincidencia dos derivados. descenso do número de partes de conduta. Grao de cumprimento do acordo reeducativo
- Ferramentas: análise das actas e reunións do observatorio semanal, estatísticos dos partes de conduta dentro da memoria da aula de convivencia.

No tocante ás actividades deportivas ou Acrosport:

- Criterios: utilízanse como criterios o número de asistentes do pobo ás actuacións e nº de asistentes ás sesións de adestramento e que solicitan o curso.
- Ferramentas: portfolio do profesor e estatísticos

No tocante á escola de nais e pais:

- Criterios: número de asistentes e satisfacción respecto da formación.
- Ferramentas: memoria final dentro da memoria final anual enquisa final aos pais e nais

H) RELACIÓN DE PARTICIPANTES

NOME	DNI	CARGO NO CENTRO
Javier García Barreiro, coordinador do proxecto	53110700C	Director, orientador e coordinador do plan de mellora
Esperanza Rita Pernas Villar	33993091B	Xefa de estudos, profesora de tecnoloxía, Coordinadora de mediación
Sandra Díaz Mouro	78793146E	Secretaria do centro
Iván Bueno Hermida	32827404X	Profesor Ed. Física, coordinador do Acrosport
Ana Belén Castro Máquez	47351541S	Profesora de Francés. Coordinadora da Aula de Convivencia
Cinta Reboredo Leiro	44204626Y	Profesora de PT
María Aurora Alonso Saenz de Miera	36101889P	Profesora de Música
Lino López Castaño	33325004M	Profesor de PT
Ulla Cela, María Isabel	33339033G	Orientadora
Miguel García Rodríguez	32823663H	Profesor de Física e Química